

Fondo Libros e Axudas Material Escolar - Curso 2022/2023

A Consellería publicou a [Orde](#) do 29 de abril de 2022, pola que se regulan as solicitudes para o Fondo de Libros e as Axudas de Material Escolar para o alumnado da ESO no curso 2022-2023.

O prazo de **solicitud** será do **19 de maio ao 22 de xuño** (ambos inclusive). [Enlace á orde](#).

As solicitudes pódese presentar da seguinte forma:

- Realizar o trámite integramente a través da sede electrónica da xunta (www.sede.xunta.gal - Procedemento ED330B). Nesta opción é necesario identificarse con algún dos mecanismos admitidos pola sede electrónica (DNI electrónico, certificado dixital, Chave365)
- Cubrir a solicitude a través da [aplicación FondoLibros](#) e presentala no rexistro do centro xunto coa documentación requirida .
- Imprimir a solicitude nesta [ligazón](#), cubrila e presentala no centro xunto co resto da documentación xustificativa. A solicitude tamén estará disponible na secretaría do centro.

A **adxudicación** de Axudas de Material e a listaxe provisional do Fondo Solidario de Libros, estará dispoñible no taboleiro interior do centro o **8 de xullo**.

A listaxe **definitiva** de asignación do Fondo Solidario de Libros publicarase o **día 15 de xullo**.

Coa listaxe definitiva publicaranse as indicacións para a entrega dos libros e vales de axudas, que se farán a principios do mes setembro.

Informámoslles das distintas axudas que se poden solicitar:

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: Alumnado que no ano académico 2022/23 se matricule en calquera curso da ESO, con independencia da renda per cápita da unidade familiar. A asignación se fará por orde inverso á renda per cápita da unidade familiar e ata esgotar existencias.

Están garantidos:

- 6 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 6.000.-€.
- 4 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 10.000.-€.

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: Todo o alumnado que curse no ano académico 2022/23 Educación Secundaria Obrigatoria.

Importe da axuda: 50.-€ para rendas per cápita igual ou inferior a 6.000.-€.

O prazo para a presentación é ata o 22 de xuño. Non se poderá solicitar en setembro.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS: É requisito para poder recibir libros do Fondo de Libros de Texto, devolver os libros procedentes do Fondo no curso 2021/22, durante o mes de xuño. As primeiras semanas de xuño informaremos como se levará a cabo a recollida este curso.

